



<b>SUBVENCIÓN</b>	<b>Programa de axudas ás actuacións de rehabilitación e renovación nas áreas de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago e da Ribeira Sacra</b>
<b>CÓDIGO PROCEDEMENTO</b>	<b>VI408Q</b>
<b>PUBLICACIÓN</b>	DOG núm. 12 do 20/01/2025. RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2024, pola que se procede á convocatoria do Programa de axudas ás actuacións de rehabilitación e renovación nas áreas de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago e da Ribeira Sacra para o ano 2025 (Código de procedemento VI408Q).
<b>BASES REGULADORAS</b>	DOG núm. 206 do 30/10/2023. RESOLUCIÓN do 23 de outubro de 2023, pola que se modifica a Resolución do 22 de marzo de 2022, pola que se acorda ampliar ata o 30 de xuño de 2025 o prazo para presentar as solicitudes de cualificación provisional e de cualificación definitiva para actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito das áreas de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, do Parque Nacional das Illas Atlánticas e da Ribeira Sacra, no marco do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan de vivenda 2018-2021 (códigos de procedemento VI408F, VI408G, VI408L e VI408M), e pola que se regula o procedemento para participar no programa de axudas ás actuacións de rehabilitación e renovación nas áreas de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, do Parque Nacional das Illas Atlánticas e da Ribeira Sacra, se establecen as bases reguladoras das subvencións correspondentes ás citadas áreas de rehabilitación integral e se procede a súa convocatoria para o ano 2023 (Códigos de procedemento VI408O, VI408P e VI408Q).
<b>OBXECTO</b>	Convocar para a anualidade 2025 o Programa de axudas ás actuacións de rehabilitación e renovación nas áreas de rehabilitación integral (en diante, ARI) dos Camiños de Santiago e da Ribeira Sacra.
<b>PROCEDEMENTO</b>	<b>Concurrencia non competitiva:</b> as solicitudes atenderanse por rigorosa orde de presentación ata o esgotamento do crédito dispoñible. Considerarase data de presentación aquela na que a solicitude quedase validamente presentada, por terse cuberto na forma correcta e vir acompañada da totalidade dos documentos exixidos nesta resolución.



<b>PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES</b>	1 mes, desde o 27/01/2025 ata o 27/02/2025.
<b>REQUISITO NECESARIO</b>	<b>Será requisito necesario para poder solicitar a axuda estar en posesión da cualificación definitiva.</b>
<b>SOLICITANTES</b>	Poderán ser beneficiarias: a) As comunidades de persoas propietarias e as agrupacións de comunidades de persoas propietarias constituídas conforme o disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal. b) As agrupacións de persoas propietarias. c) As persoas físicas propietarias o usufrutuarias de edificios ou vivendas.
<b>CONTÍA DAS AXUDAS</b>	<p>-A contía máxima das axudas <b>determinarase atendendo ao custo total da intervención reflectido na cualificación definitiva</b>, que incluírá, de ser o caso, os custos desagregados da actuación de rehabilitación ou renovación.</p> <p>-A contía máxima das axudas non poderá exceder, de forma individualizada, do 50% do custo subvencionable da actuación.</p> <p>-No caso de actuacións en vivendas unifamiliares ou actuacións no interior de vivendas situadas en edificios de tipoloxía residencial colectiva, esta porcentaxe máxima poderá ser do 75 %, cando resulten acreditados ingresos da unidade de convivencia da persoa propietaria ou usufrutuaria, promotora da actuación e residente na vivenda, e estes sexan inferiores a tres veces o IPREM.</p> <p>Esta mesma porcentaxe aplicarase cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria, promotora da actuación e residente na vivenda, que existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.</p> <p>-A contía máxima determinarase atendendo ao custo total da actuación e calcularase multiplicando o número de vivendas polas axudas unitarias establecidas a seguir:</p> <p>a) Ata 12.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva. b) Ata 30.000 euros por cada vivenda construída en substitución doutra previamente demolida.</p> <p>-No suposto de actuacións cualificadas provisional ou definitivamente con cargo ao réxime transitorio establecido no ordinal sétimo da Resolución do 23 de outubro de 2023, as contías das axudas serán as establecidas no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan de vivenda 2018-2021.</p>



<b>DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE</b>	<p>As persoas interesadas deberán presentar coa solicitude a seguinte documentación:</p> <p>a) De ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa ou entidade solicitante. A representación deberá acreditarse a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón: <a href="https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/modelos-xenericos">https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/modelos-xenericos</a>.</p> <p>b) <b>Anexo II</b>, de ser o caso, de certificado da persoa que exerza as funcións de secretaria da comunidade de persoas propietarias, da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou de quen representa á agrupación de persoas propietarias, no que se recolla tanto o acordo de solicitar a subvención do Programa de axudas ás actuacións de rehabilitación ou renovación nas áreas de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago e da Ribeira Sacra, como o nomeamento da persoa que represente na tramitación do expediente á comunidade de persoas propietarias, á agrupación de comunidades de persoas propietarias ou á agrupación de persoas propietarias.</p> <p>c) <b>Anexo III</b>, de ser o caso, debidamente cuberto, no que se relacionen as persoas propietarias das vivendas e locais do edificio, partícipes nas actuacións de rehabilitación ou renovación e interesadas na subvención. Neste anexo cubriranse, de ser o caso, as declaracións de non estar incurso en ningunha das circunstancias do artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.</p> <p>d) <b>Anexo IV</b>, de declaración responsable e comprobación de datos das persoas que integran a unidade de convivencia da persoa solicitante, no caso de actuacións en vivendas unifamiliares ou actuacións no interior de vivendas situadas en edificios de tipoloxía residencial colectiva.</p> <p>e) Certificado acreditativo da discapacidade da persoa solicitante ou, de ser o caso, das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia nas que concorra a dita circunstancia, no suposto de tratarse dun documento non expedido pola Xunta de Galicia.</p> <p>f) No caso de edificios ou vivendas declarados BIC, catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente, documentación xustificativa destas circunstancias, se non constaba na documentación anterior.</p>
<b>FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES</b>	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Preferiblemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, <a href="https://sede.xunta.gal">https://sede.xunta.gal</a>.</li><li>2. A presentación electrónica será obrigatoria para as entidades sen personalidade xurídica e para as súas persoas representantes.</li></ol>



## INFORMACIÓN

- 012
- Área Provincial del IGVS de Ourense- 988 386 282- 988 386 275
- Área Provincial del IGVS de A Coruña- 881 181 259
- Área Provincial del IGVS de Lugo- 982 294 491 - 982 294 603
- Área Provincial del IGVS de Pontevedra- 986 805 260